



RESOLUCIÓN DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE POLA QUE SE CONVOCA UN PROCEDEMENTO ESPECÍFICO, PARA A COBERTURA TEMPORAL, MEDIANTE NOMEAMENTO DE INTERINIDADE EN PRAZA VACANTE, DE DOUS POSTOS DE PERSOAL ESTATUTARIO LICENCIADO SANITARIO ESPECIALISTA DE ÁREA DE ANÁLISES CLÍNICAS / BIOQUÍMICA CLÍNICA PARA A UNIDADE DE REPRODUCCIÓN HUMANA ASISTIDA, NO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA CORUÑA.

De conformidade co establecido nos apartados 2.2 e 2.3 da Resolución, do 11 de decembro de 2018, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se publica o Pacto subscrito pola Administración sanitaria coas organizacións sindicais CIG, CESM-O´MEGA, CC.OO. UXT e CSIF sobre a selección de persoal estatutario temporal licenciado sanitario de atención hospitalaria (DOG núm. 240, do 18 de decembro), e en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 145/2024, do 20 de maio (DOG núm. 101, do 27 de maio), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, a Orde, do 22 de abril de 2020 (DOG núm. 82, do 29 de abril) de delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, modificada pola Orde do 13 de maio de 2022 (DOG núm. 102, do 30 de maio), e o Decreto 134/2019, do 10 de outubro (DOG núm. 204, do 25 de outubro), polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia,

RESOLVE:

Convocar un procedemento específico de selección, para a cobertura temporal, mediante nomeamento de interinidade en praza vacante, de dous postos con características específicas, de persoal estatutario licenciado sanitario especialista de área de Análises Clínicas / Bioquímica Clínica, para a Unidade de Reprodución Humana Asistida (RHA), atendendo ao criterio 2.3 b), do devandito Pacto: *"a puntuación na lista incrementada co resultado dunha entrevista (máximo 16 puntos)"*.

O proceso de selección realizarase de conformidade coas seguintes



BASES

Primeira. Obxecto

O obxecto da presente convocatoria é a selección de dous/dúas aspirantes inscritos/as nas listas vixentes de selección temporal, que permita acreditar a súa idoneidade para o desempeño de postos de persoal estatutario, licenciado sanitario, especialista de área de Análises Clínicas / Bioquímica Clínica, para a Unidade de Reprodución Humana Asistida (RHA) no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

A vinculación realizarase mediante nomeamentos de interinidade en praza vacante e o seu réxime de prestación de servizos poderá ser, indistintamente, en xornada de mañá e/ou tarde e deberá realizar as gardas presenciais ou localizadas que se fixen no servizo.

Segunda. Aspirantes

A convocatoria está dirixida ás persoas aspirantes que figuren rexistradas nas listas elaboradas ao amparo da Resolución, de 11 de decembro de 2018, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se publica o Pacto suscrito pola Administración sanitaria coas organizacións sindicais CIG, CESM-O'MEGA, CC.OO. UXT e CSIF sobre a selección de persoal estatutario temporal licenciado sanitario de atención hospitalaria (DOG núm. 240, do 18 de decembro), da categoría, facultativo/a especialista de área de Análises Clínicas / Bioquímica Clínica.

As persoas aspirantes recibirán, na dirección de correo electrónico que teñan rexistrada en FIDES Expediente-e, un aviso da publicación, da presente convocatoria, co prazo de presentación de solicitudes e os requisitos para participar na mesma.

Terceira. Requisitos para participar na convocatoria

Poderán participar, na presente convocatoria, as persoas interesadas que, na data da finalización do prazo para a presentación de instancias, reúnan e acrediten os seguintes requisitos:

- Ter prestado servizos como facultativo/a especialista de área en Análises Clínicas / Bioquímica Clínica, como mínimo durante un período de 2 anos nunha Unidade de Reprodución Humana Asistida (RHA).
- Formación específica en RHA mínima de 60 créditos.





Cuarta. Solicitudes e documentación

As persoas interesadas en participar na convocatoria deberán presentar solicitude, segundo modelo de instancia que se achega como anexo, que poderá recollese no Espazo do Profesional da Área Sanitaria da Coruña e Cee, así como estará a disposición dos/as aspirantes na Intranet da Área Sanitaria e na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Xunto coa solicitude, as persoas interesadas deberán achegar a seguinte documentación acreditativa dos requisitos esixidos para a participación na presente convocatoria (base terceira):

- Certificado dos servizos prestados como facultativo/a especialista de área de Análises Clínicas / Bioquímica Clínica en Unidades de Reprodución Humana Asistida (RHA).
- Acreditación de formación específica en RHA (deberá ser rexistrada no apartado de formación de Fides/Expediente). Non será preciso aportar esta acreditación se xa figura validada en Fides.

As solicitudes, e a documentación anexa, que conteña a xustificación do cumprimento dos requisitos e méritos específicos esixidos, presentaranse no Rexistro Xeral da Área Sanitaria da Coruña e Cee, situado no Hospital Universitario A Coruña, en As Xubias de Arriba, nº 84, 15006 A Coruña, dirixidas a Xerencia da Área Sanitaria no prazo de 5 días hábiles, a contar desde o seguinte á data da publicación da presente convocatoria. Será causa de exclusión, ao proceso selectivo, a presentación extemporánea da solicitude pola persoa interesada.

As solicitudes e o resto da documentación poderán, así mesmo, presentarse a través de calquera dos procedementos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236 do 2 de outubro).

Quinta. Procedemento e tramitación

1.- Publicación:

A publicación da presente convocatoria e resolucións que se ditén na tramitación deste procedemento realizarase conforme se establece na Base Oitava de normas xerais.





Os/as aspirantes, recibirán na dirección de correo electrónico que tivesen rexistrada en FIDES un aviso da publicación da presente convocatoria, co prazo de presentación de solicitudes e cos requisitos para a participación na mesma.

2.- Tramitación:

Finalizado o prazo de presentación das solicitudes, a Xerencia publicará resolución coa relación provisional de aspirantes admitidos/as que acreditasen os requisitos esixidos nesta convocatoria e dos/as aspirantes excluídos/as indicando, neste último caso, a causa de exclusión, abríndose un prazo de tres días hábiles para a presentación de reclamacións contra devandita listaxe que consideren oportunas, ou para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivase a exclusión.

Unha vez transcorrido o devandito prazo de presentación de reclamacións publicarase a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e de aspirantes excluídos/as, coa orde de chamamentos segundo os distritos de preferencia nos que estean inscritos xunto coa composición da Comisión de Avaliación e a data, lugar e hora de celebración da entrevista se é o caso.

As reclamacións formuladas contra a relación provisional, de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, entenderanse estimadas ou rexeitadas por medio da relación definitiva.

De acordo co establecido na cláusula 4 da Resolución do 11 de decembro de 2018, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se publica o Pacto suscrito pola Administración sanitaria coas organizacións sindicais CIG, CESM-O´MEGA, CC.OO. UXT e CSIF sobre a selección de persoal estatutario temporal licenciado sanitario de atención hospitalaria (DOG núm. 240, do 18 de decembro), a citación para a celebración da entrevista realizarase sucesivamente pola seguinte orde:

1º. Aspirantes dispoñibles que manifestasen como opción preferente o ámbito da Coruña.

No caso de non contar con profesionais suficientes para a cobertura da/s praza/s ofertada/s procederase a citar a:

2º. Os/as aspirantes que seleccionaron como preferente os distritos limítrofes máis próximos á Coruña, se fose necesario, segundo a seguinte orde: Cee, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo y O Salnés.

No caso de non contar con profesionais suficientes para a cobertura da/s praza/s ofertada/s procederase a citar a:





3º. Resto de aspirantes inscritos/as na lista xeral.

Non será precisa a realización da entrevista, se na primeira citación se conta co mesmo número de profesionais dispoñibles que prazas convocadas, e así sucesivamente para o resto das citacións, ou no caso de que a suma da cualificación máxima da entrevista (16 puntos) non supoña modificación da orde da lista definitiva, que se atope vixente, a data da publicación da presente convocatoria.

3.-Entrevista:

O chamamento para entrevista realizarase cun mínimo de 48 horas de antelación e a orde de chamamento para a citación das mesmas, no caso de que proceda, efectuarase por disposición alfabética de apelidos, comezando a partir da letra "F", de conformidade coa Resolución do 21 de xaneiro do 2025, pola que se fai público o resultado do sorteo, ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, en relación coa orde de actuación das persoas aspirantes nos procesos de selección de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 16, do 24 de xaneiro do 2025).

As persoas aspirantes virán provistas de DNI ou documento oficial que acredite a súa identidade e nacionalidade.

Entenderase que desisten, do presente proceso de selección temporal, aqueles/as aspirantes que non comparezan á entrevista convocada.

A proba consistirá na realización dunha entrevista relacionada coas funcións do posto a desenvolver.

Para a valoración da entrevista, valorarase a máxima experiencia en procedementos relacionados coa reprodución asistida, entre outros:

- Análise de seminogramas valorando a morfoloxía e a mobilidade espermática.
- Captación de ovocitos.
- Inseminación mediante F.I.V. (fecundación in vitro) e ICSI (inxección intracitoplasmática de espermatozoides).
- Valoración da calidade embrionaria.
- Carga de embrións en cánulas de transferencia.
- Vitricificación e desvitrificación de embrións.





- Vitrificación de ovocitos.

A entrevista valorarase cun máximo de 16 puntos que serán sumados á puntuación obtida, por cada aspirante, na lista definitiva de selección temporal da especialidade, que se atope vixente á data da publicación da presente convocatoria.

4.-Resolución:

A relación provisional de puntuacións obtidas polas persoas aspirantes na entrevista, de ser o caso, farase pública no prazo de 5 días hábiles seguintes ao da realización da mesma, abríndose un prazo de 3 días hábiles para presentar reclamación, de ser o caso, sobre a puntuación obtida. Transcorrido o devandito prazo, e tras a resolución das reclamacións recibidas, publicarase a relación definitiva de puntuacións, entendéndose implicitamente como estimadas ou desestimadas, por medio da relación definitiva.

Sexta. Comisión de Valoración

1. Constituirase unha Comisión de Valoración que terá como función a realización e avaliación da entrevista persoal, para posteriormente, elevar a proposta de adxudicación á Xerencia da Área Sanitaria das persoas aspirantes que acaden a maior puntuación total, tras a suma de puntuacións que obtiveron na lista de selección temporal da especialidade e a puntuación acadada na entrevista.

A Xerencia da Área Sanitaria publicará a composición da Comisión de Valoración para o coñecemento dos/as interesados/as de conformidade coas normas xerais contidas nas presentes bases.

2. A Comisión de Valoración estará composta por un/a presidente/a, dous vogais e un/a secretario/a. Na composición da Comisión quedará garantida a presenza de profesionais con destino preferente en dúas áreas sanitarias, ou cando menos, dous distritos sanitarios. Como mínimo, dous dos membros terán a titulación da categoría e/ou especialidade á que se dirixe a selección.

A condición de presidente/a recaerá nun director/a ou subdirector/a, da Xerencia da Área Sanitaria, do ámbito médico ou asistencial, licenciado sanitario. O/A presidente/a terá voto de calidade no caso de empate nos votos emitidos polos/as vocais.





Os/as vogais serán persoal estatutario fixo ou funcionario/a de carreira e licenciados/as sanitarios/as.

O/A secretario/a será un técnico/a da función administrativa con vínculo estatutario fixo, que actuará con voz, pero sen voto. O/A secretario/a levantará acta de cada unha das sesións que celebre a comisión.

A súa actuación rexeráse polo disposto na normativa reguladora dos órganos colexiados. Os membros da Comisión deberán absterse de intervir, notificándoo á Xerencia de Área Sanitaria, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros da Comisión cando, ao seu xuízo, concorran as citadas circunstancias.

Sétima. Resolución

Rematado o proceso de selección, e unha vez engadida a puntuación obtida na fase da entrevista á puntuación da lista de selección temporal da especialidade, realizarase o chamamento ás persoas aspirantes que ostenten a maior puntuación, de conformidade co establecido na Resolución, do 11 de decembro do 2018, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se publica o Pacto suscrito pola Administración sanitaria coas organizacións sindicais CIG, CESM-O'MEGA, CC.OO. UXT e CSIF sobre a selección de persoal estatutario temporal licenciado sanitario de atención hospitalaria (DOG núm. 240, do 18 de decembro).

Oitava. Normas Xerais

A publicación dos actos e resolucións, que se diten na tramitación deste procedemento, realizarase nos taboleiros de anuncios dos centros adscritos á Área Sanitaria da Coruña e Cee, na páxina web do Espazo do Profesional e na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

No non previsto na presente convocatoria, aplicaranse, supletoriamente, as disposicións contidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.





Novena. Recursos.

Contra a presente Resolución poderá interperse, nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso de alzada ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte, á publicación.

Asinado dixitalmente á marxe,

Luis Verde Remeseiro

Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee

Dilixencia. Para facer constar que no día da súa sinatura dixital procédese á publicación da presente Resolución na páxina web do Espazo do Profesional e na páxina web do Sergas

Asinado dixitalmente á marxe,

Javier Fernández Nistal

Director de Recursos Humanos





ANEXO

SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN COMO ASPIRANTE PARA A COBERTURA TEMPORAL COMO FACULTATIVO/A ESPECIALISTA DE ÁREA NO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA CORUÑA (CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS ÁREA DE ANÁLISES CLÍNICAS / BIOQUÍMICA CLÍNICA PARA A UNIDADE DE REPRODUCCIÓN HUMANA ASISTIDA)

ESPECIALIDADE/CATEGORÍA

DATOS PERSOAIS

Apelidos e Nome:

D.N.I.:

Enderezo:

Data de nacemento:

Poboación:

Teléfono:

Provincia:

Enderezo Electrónico:

CONVOCATORIA

Resolución da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee, do 10 de marzo de 2025.

SOLICITA:

Sexa admitida a presente solicitude para participar na convocatoria da praza arriba indicada e declara que son certos os datos que figuran na solicitude.

En _____ a _____ de _____ de 2025

Asdo.: _____

XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE

Páxina 9 de 10

Área Sanitaria da Coruña e Cee

<https://xxicoruna.sergas.gal>

Tel. 981 17 00 00

As Xubias de Arriba, n.º84

15006 – A Coruña





Relación de documentos que se xuntan coa solicitude (Base 3ª da convocatoria):

- Certificado dos servizos prestados como facultativo/a especialista de área de Análisis Clínicas / Bioquímica Clínica en Unidades de Reprodución Humana Asistida (RHA).
- Acreditación de formación específica en RHA (deberá ser rexistrada no apartado de formación de Fides/Expedient-e)

